



**Resolución do 27 de outubro de 2023, pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes para as subvencións do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, (código de procedemento AP400A)**

Con data do 18 de xullo de 2023, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 4 de xullo de 2023 pola que se convocan subvencións para o ano 2023, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono social), enmarcado no investimento C15.I3 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento AP400A).

No artigo 3º da convocatoria dispónse que o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación no DOG da Resolución e rematará o 15 de novembro de 2023.

En atención a solicitudes de ampliación de dito prazo realizadas por persoas interesadas na convocatoria así como á vontade desta Axencia de acadar a máxima cantidade de beneficiarios posible e tendo en conta que non existe ningún impedimento xurídico considerase axeitado ampliar o prazo inicialmente establecido.

En consecuencia, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en uso das competencias atribuídas no Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos,

**RESOLVO:**

**Artigo único. Ampliación do prazo de presentación de solicitudes**

Amplíase o prazo de presentación de solicitudes para as subvencións do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables (Programa UNICO-Bono Social) enmarcado no investimento C15.I3 do Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, convocadas mediante Resolución do 4 de xullo de 2023, ata o 15 de decembro de 2023, inclusive.





**Disposición derradeira única.** Entrada en vigor.

A presente resolución entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

